



Concello de Xunzo de Limia

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/3	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria urxente

Motivo: «Pago urxente de facturas»

Data:**5 de marzo de 2024****Duración:**

Desde las 9:08 hasta las 9:19

Lugar:

Salón de Plenos do Concello

Presidida por:

Amador Díaz Penin

Secretario:

Marta María Gómez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34985977X	ANTONIO FERNANDEZ VEIGA	SÍ
34997410N	Amador Diaz Penin	SÍ
76730752S	CAMILO VILA GARCIA	SÍ
44481550X	CRISTINA CAMPERO DORADO	SÍ
34729730Y	Carlos Gomez Salgado	SÍ
76726643T	Carlos López Montero (Asiste vía telemática)	SÍ
34995266F	MANUEL POZO FARIÑAS (Asiste vía telemática)	SÍ
34953793A	María de los Angeles Martinez Marra	SÍ
34954787P	RAMON GOMEZ SALGADO	SÍ
44459813P	Rafael Penabad Gonzalez	SÍ
76709485T	Ricardo Sieiro Opazo	SÍ
44485126K	VICTOR RODRÍGUEZ AVILÉS	SÍ
34944140X	elvira LAMA fernandez	SÍ

Asiste a **Interventora dona Mónica Legaspi Díaz**, a **Adxunta a Secretaría dona Mª Dolores Fernández Salgado**, e o informático municipal **Jorge Luís Gómez Yáñez**.





Concello de Xinzo de Limia

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
Aprobación do carácter urxente da sesión:	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Pola **Presidencia** xustifícase a urxencia da sesión pola necesidade de realizar o pago urxente de varias facturas.

A urxencia resulta aprobada por unanimidade.

Expediente 1468/2024. Recoñecemento extraxudicial de crédito 01 (facturas 2022 e 2023):	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Resolución:

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas**, do día 04/03/2024, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 01/03/2024, do seguinte teor literal:

"(...) Vistos os antecedentes obrantes no expediente 1468/2024 así como o informe emitido pola intervención municipal.

PROPOÑO

PRIMEIRO. Aprobar (de xeito condicionado á aprobación definitiva do expediente de suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería (exp 1467/2024)) o recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas incorporadas ó presente expediente, facturas que serán financiadas coas partidas que se relacionan no expediente de suplemento de crédito unha vez aprobado definitivamente.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO. Indicar que as facturas obxecto do presente REC serán aplicadas unha vez aprobado definitivamente o suplemento de crédito 1468/2024. (...)"

Intervén o Concelleiro do BNG, **Camilo Vila García**, para indicar que non van a aportar nada pola falta de tempo para o estudo da documentación.

Intervén a Concelleira do PSdG **Elvira Lama Fernández** para solicitar información sobre a factura nº 1876, consultando onde se efectuou a limpeza, sobre a factura por importe de 3.781,00 €, relativa á rotura de vidros na pista polideportiva, preguntando se se deu parte ó seguro, sobre as facturas do plan de inmigrantes consultando o motivo polo que se traen tardíamente ao pleno, e por último sobre una factura de "Dalisa" por importe de 4.800,00 €, manifestando que o mal estado da árbore non permite entender xustifico o prezo.

Intervén a **Sra. Interventora** para indicar que o retraso nas facturas relativas ao plan de inmigrantes débese, como en anos anteriores, ó retraso da súa aportación polo correspondente departamento. A **Sra. Elvira Lama Fernández** roga que o departamento de servizos sociais, nos vindeiros anos, realice a aportación no prazo axeitado.





Concello de Xinzo de Limia

Tralo debate a proposta **resulta ditaminada favorablemente**, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal popular (3), co voto a favor dos concelleiros do grupo municipal AXIL (1, e 1 Sr. Alcalde), coa abstención dos concelleiros do PSdeG-PSOE (3), e coa abstención do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), coa seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO. Aprobar (de xeito condicionado á aprobación definitiva do expediente de suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería (exp 1467/2024)) o recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas incorporadas ó presente expediente, facturas que serán financiadas coas partidas que se relacionan no expediente de suplemento de crédito unha vez aprobado definitivamente.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO. Indicar que as facturas obxecto do presente REC serán aplicadas unha vez aprobado definitivamente o suplemento de crédito 1468/2024. (...)"

O Sr. Alcalde abre a **quenda de intervencións**.

O Sr. **Camilo Vila García** intervén para lamentarse sobre a falla de deferencia por mor da urxencia coa que foi convocada tanto a comisión como o pleno anunciando a súa abstención.

A Sra. **Elvira Lama Fernández** indica que o presente REC abrangue facturas tanto do presente como do anterior mandato e espera que o novo grupo de goberno traia neste mandato tantas achegas económicas como prometeu para escusarse por cambiar o grupo municipal co que goberna, anunciando a súa abstención.

O Sr. **Alcalde** xustifica a urxencia pola necesidade de que as empresas cobren o antes posible polos servizos prestados, manifesta que no presente REC hai facturas do ano 2020, 2022 e 2023 así como do ano 2024 relativas a enerxía eléctrica se ben puntualiza que o importante non é de que mandato sexan senón que os empresarios cobren canto antes. Remata a súa intervención agradecendo a intervención dos grupos da oposición.

Tralo debate a proposta **resulta aprobada**, cos votos a favor dos concelleiros do Grupo municipal "AXIL" (2+1, o Alcalde), cos votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Popular (4), e coa abstención dos concelleiros dos concelleiros do PSdeG-PSOE (4), e coa abstención dos concelleiros do Grupo Municipal BNG (2), **adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO. Aprobar (de xeito condicionado á aprobación definitiva do expediente de suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería (exp 1467/2024)) o recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas incorporadas ó presente expediente, facturas que serán financiadas coas partidas que se relacionan no expediente de suplemento de crédito unha vez aprobado definitivamente.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.





Concello de Xinzo de Limia

TERCEIRO. Indicar que as facturas obxecto do presente REC serán aplicadas unha vez aprobado definitivamente o suplemento de crédito 1467/2024.

Expediente 1467/2024. Modificación de Crédito MC 01 Incorporación remanente para REC 2024:	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Resolución:

Consta no expediente o *Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas*, do día 04/03/2024, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 01/03/2024, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1468/2024.

Vista a Memoria na que se recolle unhas facturas que son obxecto de expediente de REC e cuxo gasto non pode demorarse até o exercicio seguinte e para os que non existe crédito, polo que se propón aprobar unha modificación de crédito na modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente de tesourería do ano 2023.

Vistos os informes de Secretaría e de Intervención en sentido favorable.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación inicial polo Pleno, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

POLO QUE PROPOÑO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente de tesourería do exercicio 2023, como segue a continuación:

(...)

SEGUNDO. Indicar que o suplemento de crédito estará destinado a financiar o pago das facturas recollidas na Memoria de alcaldía relativas ó expediente nº 1468/2024, no caso de que se aprrobe o recoñecemento extraxudicial de crédito polo plenario.

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Capítulo I do Título VI do TRLRHL, en materia de orzamentos, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

TERCEIRO . Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido en o *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron





Concello de Xuzo de Limia

reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente. (...)”

Sen producirse debate a proposta **resulta ditaminada favorablemente, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal popular (3), co voto a favor dos concelleiros do grupo municipal AXIL (1, e 1 Sr. Alcalde), coa abstención dos concelleiros do PSdeG-PSOE (3), e coa abstención do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), coa seguinte proposta de acordo:**

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente de tesourería do exercicio 2023, como segue a continuación:

Aplicación		Descripción	Créditos Iniciales	Suplemento de Crédito	Créditos finales
Programa	Económica				
132	21300	MANTENIMENTOS MAQUINAS, INS. UTIES	E 4.500 €	2.850,98 €	7.350,98 €
151	22104	VESTUARIO	5.000 €	512,17 €	5.512,17 €
151	22799	Otros traballos por empresas	153.777,94 €	537,30 €	154.315,24 €
153	21000	MANTENIMIENTO INFRAESTRUCTURAS BENS NATURAIS	E 20.000 €	10.200,24 €	30.200,24 €
153	21300	MANTENIMENTOS MAQUINAS, INS. UTIES	E 35.000 €	9.351,27 €	44.351,27 €
153	22700	LIMPIEZA Y ASEO	8.000 €	193,60 €	8.193,60 €
161	22101	AGUA	1.500 €	456,57 €	1.956,57 €
171	22799	Otros traballos por empresas	85.000 €	19.937,51 €	104.937,51 €
231	22799	Otros traballos por empresas	200.000 €	20.871,88 €	220.871,88 €
330	21200	MANTENIMIENTO DE EDIFICIOS	DE 2.000 €	943,80 €	2.943,80 €
330	22602	PUBLICIDAD PROPAGANDA	Y 4020 €	217,80 €	4237,80 €
330	22609	ACTIVIDADES CULTURALES DEPORTIVAS	Y 165.000 €	150.014,98 €	315.014,98 €
340	21000	MANTENIMIENTO INFRAESTRUCTURAS BENS NATURAIS	E 5.000 €	101,64 €	5.101,64 €
340	22102	GAS	45.000 €	15.644,57 €	60.644,57 €
340	22609	ACTIVIDADES CULTURALES DEPORTIVAS	Y 30.000 €	375,10 €	30.375,10 €
450	60900	ACTIVIDADES CULTURALES DEPORTIVAS	Y 0 €	12.083,11 €	12.083,11 €





Concello de Xuzo de Limia

920	22100	ENERGIA ELECTRICA	270.000 €	111.944,13 €	381.944,13 €
920	22602	PUBLICIDAD PROPAGANDA	Y 16.210 €	2.022,00 €	18.232 €
920	22604	JURIDICOS, CONTENCIOSOS	40.000 €	2.544,00 €	42.544,00 €
920	22799	Otros trabajos por empresas	245.000 €	6.980,58 €	251.980,58 €
		TOTAL		367.783,23 €	

SEGUNDO. Indicar que o suplemento de crédito estará destinado a financiar o pago das facturas recollidas na Memoria de alcaldía relativas ó expediente nº 1468/2024, no caso de que se aprobe o recoñecemento extraxudicial de crédito polo plenario.

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Capítulo I do Título VI do TRLFFLL, en materia de orzamentos, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

TERCEIRO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.(...)”

O Sr. Alcalde abre a **quenda de intervencións**.

O Sr. Camilo Vila García prégalle o grupo de goberno que explique as facturas relativas a cultura e deportes que se recollen no suplemento de crédito por ser as que máis crédito reciben.

A Sra. Interventora intervén para indicar que, dende o punto de vista técnico, no presente expediente se pretende incrementar os créditos de certas partidas para facer fronte ós gastos xa realizados e reflectidos nas facturas que se traen ó presente pleno. Aclara ademais que o recollido neste punto é a base económica para levar a cabo o acordo recollido no punto anterior.

A Sra. Elvira Lama Fernández anuncia o seu voto a favor pois sinala que é preciso aprobar ó suplemento de crédito para poder pagar as facturas do anterior expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

O Sr. Alcalde indica que a meirande parte das facturas de cultura e deporte son relativas ó Nadal do ano 2023 sinalando que incluso existe algunha factura anterior.

O Sr. Carlos Gómez Salgado manifesta que as facturas relativas a actividades culturais e deportivas son na súa meirande parte relativas ó Nadal e ofrece remitir un desglose pormenorizado por escrito dos servizos e suministros prestados, proposta que é aceptada polo portavoz do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego.





Concello de Xunzo de Limia

Tralo debate a proposta **resulta aprobada, cos votos a favor dos concelleiros do Grupo municipal "AXIL" (2+1, o Alcalde), cos votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Popular (4), co voto a favor dos concelleiros dos concelleiros do PSdeG-PSOE (4), e coa abstención dos concelleiros do Grupo Municipal BNG (2), adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO. Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente de tesourería do exercicio 2023, como segue a continuación:

Aplicación		Descrición	Créditos Iniciais	Suplemento de Crédito	Créditos finais
Programa	Económica				
132	21300	MANTENIMENTOS MAQUINAS, INS. UTIES E	4.500 €	2.850,98 €	7.350,98 €
151	22104	VESTUARIO	5.000 €	512,17 €	5.512,17 €
151	22799	Otros traballos por empresas	153.777,94 €	537,30 €	154.315,24 €
153	21000	MANTENIMENTO INFRAESTRUCTURAS BENS NATURAIS E	20.000 €	10.200,24 €	30.200,24 €
153	21300	MANTENIMENTOS MAQUINAS, INS. UTIES E	35.000 €	9.351,27 €	44.351,27 €
153	22700	LIMPIEZA Y ASEO	8.000 €	193,60 €	8.193,60 €
161	22101	AGUA	1.500 €	456,57 €	1.956,57 €
171	22799	Otros traballos por empresas	85.000 €	19.937,51 €	104.937,51 €
231	22799	Otros traballos por empresas	200.000 €	20.871,88 €	220.871,88 €
330	21200	MANTENIMIENTO DE EDIFICIOS E	2.000 €	943,80 €	2.943,80 €
330	22602	PUBLICIDAD PROPAGANDA Y	4020 €	217,80 €	4237,80 €
330	22609	ACTIVIDADES CULTURALES DEPORTIVAS Y	165.000 €	150.014,98 €	315.014,98 €
340	21000	MANTENIMENTO INFRAESTRUCTURAS BENS NATURAIS E	5.000 €	101,64 €	5.101,64 €
340	22102	GAS	45.000 €	15.644,57 €	60.644,57 €
340	22609	ACTIVIDADES CULTURALES DEPORTIVAS Y	30.000 €	375,10 €	30.375,10 €
450	60900	ACTIVIDADES CULTURALES DEPORTIVAS Y	0 €	12.083,11 €	12.083,11 €
920	22100	ENERGIA ELECTRICA	270.000 €	111.944,13 €	381.944,13 €





Concello de Xuzo de Limia

920	22602	PUBLICIDAD PROPAGANDA	Y 16.210 €	2.022,00 €	18.232 €
920	22604	JURIDICOS, CONTENCIOSOS	40.000 €	2.544,00 €	42.544,00 €
920	22799	Otros traballos por empresas	245.000 €	6.980,58 €	251.980,58 €
		TOTAL		367.783,23 €	

SEGUNDO. Indicar que o suplemento de crédito estará destinado a financiar o pago das facturas recollidas na Memoria de alcaldía relativas ó expediente nº 1468/2024, no caso de que se aprobe o recoñecemento extraxudicial de crédito polo plenario.

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Capítulo I do Título VI do TRLFLL, en materia de orzamentos, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

TERCEIRO . Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL
Dación de conta do decreto de aprobación da liquidación dos orzamentos do ano 2023:

O Sr. **Alcalde** procede a dar conta do Decreto de Alcaldía de aprobación de liquidación do orzamento correspondente ó ano 2023, cuxa copia xa obra en poder dos concelleiros, os cales se dan por informados do contido do mesmo.

Sra. **Elvira Lama Fernández** lamenta que o grupo de goberno non trouxese ó presente pleno unha declaración institucional por mor do oito de marzo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

